

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar da Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) a iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**, relativa á necesidade de creación dunha Lei Estatal de Transexualidade.

Exposición de Motivos:

Segundo datos da 'Federación Estatal de Lesbianas, Gays, Transexuales y Bisexuales' (FELGTB), no Estado español habería máis de 2.500 persoas transexuais, aumentando cada ano en 67 casos, segundo datos de 2009.

O colectivo de persoas transexuais é un dos máis marxinados e prexudicados da sociedade, con altísimas cotas de desemprego debido á discriminación laboral e social que sofren. Feitos que levan a que sexan moitas as persoas transexuais que se ven obrigadas a se prostituir para poder subsistir. Na infancia, os menores e as menores transexuais sofren graves problemas de sociabilidade, marxinación e discriminación que se agravan ante a falta de formación adecuada por parte de docentes, persoal sanitario e mesmo dos pais e nais, que non saben moitas veces como afrontar a situación ou non teñen medios para facelo.

As persoas transexuais levan anos esixindo a despatoloxización definitiva da transexualidade. Que se recoñeza dunha vez por todas que a transexualidade non é unha enfermidade, recoñecendo así o seu dereito de autodeterminación da súa propia identidade de xénero.

No Estado, hai xa precedentes lexislativos exemplares como a 'Ley Integral de Transexualidad Andaluza', redactada coa colaboración e aprobación dos colectivos transexuais. Sen embargo, a pesar de considerarmos este o camiño a seguir, esta Lei e outras semellantes, seguirán eivadas ata que non se lexisle

a nivel estatal para despatoloxizar a transexualidade de forma definitiva e recoñecer os dereitos destas persoas.

Tendo en conta todo isto, para AGE, a elaboración de lexislación neste eido é unha necesidade urxente para garantir os dereitos e liberdades das persoas transexuais, logrando que poidan ter unha vida plena.

Por todo o exposto, Alternativa Galega de Esquerda (ESQUERDA UNIDA-ANOVA) presenta a seguinte Proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno Central a posta en marcha dun proceso participativo que conte co movemento e o tecido asociativo transexual para a redacción dunha Lei Estatal de Transexualidade coa finalidade de despatoloxizar esta condición de forma total, recoñeza os dereitos das persoas transexuais de toda índole (sociais, laborais...), adopte medidas para facelos efectivos e garanta a atención psicolóxica, médica ou/e cirúrxica que precisen estas persoas dentro do Sistema Sanitario Público.

Compostela, 18 de febreiro de 2015.

Asdo. Eva Solla Fernández
Deputada do G.P. da AGE
Xosé M. Beiras Torrado
Portavoz do G.P. da AGE.

Asinado dixitalmente por:

Eva Solla Fernández na data 23/02/2015 16:39:43

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 23/02/2015 16:39:48